

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

AS MOURAS

As mouras son mulleres belísimas e encantadas que viven nas fontes, castros, penedos, mámoas e ruínas de antigos castelos; ou sexa, baixo a auga ou baixo a terra. Reciben moitos nomes, como donas, mozas, señoritas, señoras, madamas, encantos, princesas e raíñas. Son iguais ás *hadass, xanas, anjanas, korrigans, moirai*, etc.

As mouras teñen os cabelos rubios, é dicir, roxos máis ca louros; a pel branca e as meixelas con lixeiros tons vermellos. Son sedutoras e encantadoras e visten marabillosamente. Lavan, tecen e peitean os seus cabelos á luz do sol, sobre unha pena ou ás beiras da fonte.

Gardan tesouros e obxectos máxicos de ouro. Ás veces sácanos para que o camiñante poida elixir o que máis lle gusta. Poden presentarse con distintas formas diante dun mozo e quedan con el para o día seguinte, pero, á hora da cita, en vez da guapa moza, vén unha enorme cobra, que lle pide un bico. Se a quere desencantar, para conseguir o seu amor ou as riquezas prometidas, tenllo que dar. Pero hai que ter coidado, pois as mouras son perigosas e poden producir a morte do mozo por vinganza.

Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda:
Dicionario dos seres míticos galegos, Edicións Xerais (adaptación).



1 Escribe V (verdadero) ou F (Falso):

- As mouras son as bruxas ou meigas galegas.
- As mouras son mulleres moi fermosas e encantadas.
- Non hai personaxe coma esta noutras culturas.
- Viven en fontes ou en ruínas de castelos.
- Os seus cabelos son louros e a súa pel moura.
- Son sedutoras e visten moi ben.
- Gardan tesouros marabillosos.

2 Escolle o significado que teñen estas palabras no texto:

penedo

- Rocha moi grande en alto.
- Adorno colgado ás orellas.

rubio

- Dise do cabelo louro.
- Dise do cabelo que tira a vermello.

tecer

- Facer teas entrelazando fíos.
- Idear un plan.

pena

- Tristeza.
- Pedra moi grande.

3 Cales destas actividades non fan as mouras? Ríscaas.

lavar tecer bailar peitear os cabelos cociñar

4 Que ten que facer un mozo para desencantala? Baixo que forma se lle presenta?

.....

.....

Investiga un pouco máis. As mámoas son montóns de terra ou pedras, xeralmente de forma esférica, baixo os que se ocultan varios enterramentos.

Con axuda dun adulto e a través dun buscador de imaxe (Google, por exemplo), busca a mámoa do Rei, en Vilaboa.

